


GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

E S C E N A S



D O S S I E R

4-6
MAIO
2023


FESTIVAL DE
TEATRO, DANZA E
ARTE EN ACCIÓN

GAIÁS
CIDADE
DA CULTURA

**DOSSIER
DE PRENSA**



XUNTA
DE GALICIA





"Afortunadamente
sempre existe outro día.
E outros soños. E outras
risas. E outras persoas. E
outras cousas"

Clarice Lispector

**As artes escénicas están en continuo
movemento e transformación; é este un desexo
tan efémero e complexo como as propias artes.**

**Os festivais, que adoitan acontecer unha vez
ao ano, deberían ter en conta este particular
dando cabida a propostas singulares e
arriscadas que poñan de manifesto a mudanza,
o cambio, a experimentación e as controversias
do mundo sobre e na escena.**

Escenas do cambio vai cara á súa novena edición sen perder de vista o porqué é necesario un festival destas características. A idea global de entreter convértese nunha idea menos global e máis persoal de chegar a un público que tamén vai cambiando, que demanda outros formatos e outras linguaxes. A realidade superou á ficción e é tan necesaria que nos convida a vela e a escoitala.

As artistas convidadas conviven nunha realidade común, nun relato do mundo actual que atravesas as súas pezas cunha excepcionalidade constante de procura do concreto.

A estrea de Kirenia Danza en colaboración co Centro Coreográfico Galego pecha a súa triloxía dos Afectos como tamén o fai a proposta da compañía Matarile poñendo punto final á súa triloxía da Fraxilidade, en


colaboración co Teatro Español e o Centro Dramático Galego.

E de Galicia tamén contaremos coa presenza de cinco poetas escénicas nun percorrido inédito; Yolanda Castaño, Silvia Penas, Nuria Vil, Xiana Arias e Nieves Neira recrean unha viaxe poética en consonancia cos espazos elixidos.

Matías Daporta presenta, de volta na súa terra natal, unha proposta singular sobre o casting de tres actrices para *Washington*, o filme nunca realizado por Lars Von Trier.

De Andalucía chega Alberto Cortés, que nos adentra en *One night at the golden bar* para levarnos a universos privados.

E de Cataluña Las Huecas, unha nova compañía que ataca á sensibilidade con *Aquellas que no deben morir*.





De Canarias, o dramaturgo e compositor Roberto García de Mesa crea para o festival o seu *Poco (o alguien dirá que nos equivocamos)*.

De Andalucía-Euskadi o artista Nazario Díaz presenta *Háblame, cuerpo* un solo que procura os sons no propio corpo.

E de Portugal, aínda que brasileiro de nacemento, e en colaboración co Instituto Camões, contaremos coa presenza de Gustavo Ciriaco, un creador que apostará polo paseo, polo encontro do público co público en *Aquí mentres camiñamos*.

Pecharemos esta edición co concerto de Maite Dono e Baldo Martínez (SONS-NÚS/ CatroNubes) que crean para *Escenas do cambio* a súa última peza musical coa presenza do videoartista Anto Lloveras.

E atoparemos un momento para charlar, para reflexionar, para falar de arte, de necesidades ou de incertezas.

Desexamos que esta edición, unha vez máis, consiga encher ese baleiro que sempre se desintegra ao saír dunha función de *Escenas do cambio*.

Lola Correa. Directora artística do Festival *Escenas do cambio 2023*

Programa

XOV 4 MAI

AQUÍ MENTRES CAMIÑAMOS

GUSTAVO CIRÍACO

Itinerario polas rúas de Santiago de Compostela
16.30H

POCO (O ALGUIEN DIRÁ QUE NOS EQUIVOCAMOS)

ROBERTO GARCÍA DE MESA

Galería de servizos | Cidade da Cultura
19H

AFECTOS

KIRENIA DANZA

Museo Centro Gaiás, Sala 1 | Cidade da Cultura
20.30H

ENTRADAS

— Á venda no Museo Centro Gaiás e en ataquilla.com.

— O prezo dos espectáculos é de 9 € + gastos de xestión. Abonos para todo o festival: 25 € + gastos de xestión.

— *Háblame, cuerpo*, de Nazario Díaz, de balde ata completar capacidade

Esta programación pode estar suxeita a cambios

VEN 5 MAI

ENCONTRO PROFESIONAL ESCENAS DO CAMBIO

Cidade da Cultura
12H

AQUÍ MENTRES CAMIÑAMOS

GUSTAVO CIRÍACO

Itinerario polas rúas de Santiago de Compostela
12.30H / 16.30H

WASHINGTON

MATÍAS DAPORTA

Sala Eisenman | Cidade da Cultura
17.30H

ONE NIGHT AT THE GOLDEN BAR

ALBERTO CORTÉS

Museo Centro Gaiás, Sala 1 | Cidade da Cultura
19.30H

FRÁXIL: HANDLE WITH CARE

MATARILE

Salón Teatro | Santiago de Compostela
21.30H

SÁB 6 MAI

POESCÉNICAS

**YOLANDA CASTAÑO, SILVIA
PENAS, XIANA ARIAS, NURIA VIL E
NIEVES NEIRA**

Percorrido pola Biblioteca de Galicia e o Xardín Literario | Cidade da Cultura
12H

AQUÍ MENTRES CAMIÑAMOS

GUSTAVO CIRÍACO

Itinerario polas rúas de Santiago de Compostela
12.30H / 16.30H

HÁBLAME, CUERPO

NAZARIO DÍAZ

Centro Galego de Arte Contemporánea | Santiago de Compostela
17H

AQUELLAS QUE NO DEBEN MORIR

LAS HUECAS

Salón Teatro | Santiago de Compostela
19H

CONCERTO FINAL DE FESTA

SONS-NÚS/CATRONUBES

Museo Centro Gaiás, Sala 1 | Cidade da Cultura
21.30H

ACCESOS NO GAIÁS

- Acceso con vehículo
- Acceso peonil



Escenas do cambio 2023 en cifras

9

Novena edición do Festival

2

Países de procedencia de artistas/compañías

España (Galicia, Canarias, Cataluña e Andalucía)

Portugal

9

Artistas/compañías galegas que participan

Kirenia Danza con *Afectos*

Matías Daporta con *Washington*

Matarile con *Fráxil: Handle with care*

Yolanda Castaño, Silvia Penas, Xiana Arias, Nuria Vil e Nieves Neira en *Poescénicas*

SONS-NÚS/CatroNubes cun concerto a modo de Final de festa

8

Institucións colaboradoras

A Xunta de Galicia, a través da Fundación Cidade da Cultura, organiza *Escenas do cambio 2023* coa colaboración do Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música – INAEM, o Concello de Santiago de Compostela, o Instituto Camões, a Axencia Galega das Industrias Culturais, o Centro Galego de Arte Contemporánea, o Centro Coreográfico Galego, o Centro Dramático Galego e Teatro Español.

10

Número de pezas

Aquí mentres camiñamos. Gustavo Ciríaco

Poco (o alguien dirá que nos equivocamos). Roberto García de Mesa

Afectos. Kirenia Danza

Washington. Matías Daporta

One night at the golden bar. Alberto Cortés

Fráxil: Handle with care. Matarile

Poescénicas. Yolanda Castaño, Silvia Penas, Xiana Arias, Nuria Vil e Nieves Neira

Háblame, cuerpo. Nazario Díaz

Aquellas que no deben morir. Las Huecas

Concerto Final de Festa. SONS-NÚS/CatroNubes

5

Estreas absolutas

Poco (o alguien dirá que nos equivocamos). Roberto García de Mesa

Afectos. Kirenia Danza

Fráxil: Handle with care. Matarile

Poescénicas. Yolanda Castaño, Silvia Penas, Xiana Arias, Nuria Vil e Nieves Neira

Concerto Final de Festa de SONS-NÚS/CatroNubes

4

Estreas en Galicia


Aquí mentres camiñamos. Gustavo Ciríaco

Washington. Matías Daporta

One night at the golden bar. Alberto Cortés

Aquellas que no deben morir. Las Huecas

E S



Vulnerables na escena

Escenas do cambio chega á súa novena edición poñendo no centro a realidade e as transformacións sociais que nos están a atravesar tanto no público como no privado. Coas identidades e os corpos, os afectos e os coidados no corazón de moitas das propostas, e as personaxes marxinais, excluídas e vulnerables como protagonistas.

Así, teremos ocasión de reflexionar, a través da danza, a performance, o teatro, a música e a poesía, sobre os dereitos fundamentais e apoios que reclaman as persoas migrantes e desprazadas (*Afectos*, de Kirenía Danza), sobre unha nova idea de Europa construída e habitada desde outros ollos que tamén son os nosos (*Fráxil: Handle with care*, de Matarile), sobre o amor infinito, insurrecto e politicamente incorrecto (*One night at the golden bar*, de Alberto Cortés), ou sobre a morte e a problemática que supón a súa xestión mercantil privada (*Aquellas que no deben morir*, de Las Huecas), entre outros temas.

Poesía na escena

A expresión poética toma diferentes formas en *Escenas do cambio 2023*. Un concerto que bebe dos poemas de Uxío Novoneyra co que debuta no Gaiás a formación Sons-Nús/CatroNubes; un poema escénico que pendula na dualidade — *Poco (o alquien dirá que nos equivocamos)*— creado polo dramaturgo Roberto García de Mesa para o festival; e cinco poetas galegas nun percorrido inédito: Yolanda Castaño, Silvia Penas, Nuria Vil, Xiana Arias e Nieves Neira recrean unha viaxe en verso que nos leva pola Biblioteca de Galicia e o Xardín Literario da Cidade da Cultura, guiadas pola palabra, a música e a imaxe.


Xerar escena

Na súa aposta por seguir a impulsar o crecemento do sector cultural e artístico nun escenario post-Xacobeo, a Xunta de Galicia, en liña cos obxectivos e eixos de actuación do novo Plan Xeración Cultura 2023, dá soporte á produción das cinco estreas absolutas que terá este ano o festival *Escenas do Cambio: Afectos*, de Kirenía Danza, a través do Centro Coreográfico Galego; *Fráxil: Handle with care*, de Matarile, a través do Centro Dramático Galego e a colaboración da Fundación Cidade da Cultura; *Poco (o alquien dirá que nos equivocamos)*, de Roberto García de Mesa, o concerto de SONS-NÚS/CatroNubes e *Poescénicas*, a través da colaboración da Cidade da Cultura.

Redescubrir a cidade

Santiago de Compostela torna outra vez en escenario do festival con *Aquí mentres camiñamos*. Unha obra pensada como experiencia compartida entre o público e as artistas —o brasileiro Gustavo Ciríaco e a austríaca Andrea Sonnberger— que percorren xuntos as rúas da cidade nun paseo silencioso que convida á redescuberta do espazo urbano. Un camiño que só é revelado a quen o percorre e mentres se camiña. Estreada no Festival Alcantara de Lisboa en 2006, a obra presentouse, desde entón, en máis de 30 cidades de Europa, Asia e América.

M



Aquí mentres camiñamos

GUSTAVO CIRÍACO



PORTUGAL | 60 MIN | 9 €

Xov 4 de maio
16.30h

Ven 5 de maio
12.30h, 16.30h

Sáb 6 de maio
12.30, 16.30h

Itinerario polas rúas
de **Santiago de**
Compostela

ESTREA
EN GALICIA

Inspirados pola idea de obra como experiencia e pola longa tradición que une o camiñar coa produción de pensamento e lucidez, os artistas Gustavo Ciríaco (Brasil) e Andrea Sonnberger (Austria) levan o público nunha viaxe silenciosa pola cidade de Santiago de Compostela, investindo nunha outra política de compartir e percibir o espazo urbano. Envoltos nunha gran cinta branca, o grupo prosegue a súa marcha, como unha especie de escultura vivente, onde exterior e interior mestúranse de continuo.

Nun itinerario de camiños e accións previamente establecidas que o público só descobre ao andar, *Aquí mentres camiñamos* revela outra cidade vivida, onde a audiencia recrea a figura do *flâneur* do século XIX, alguén que vaga polas rúas da cidade moderna en constante transformación, observando cada detalle, presenciando un increíble e sutil espectáculo xusto fronte aos seus ollos, onde o lugar está en continuo desprazamento.

Gustavo Ciríaco

Gustavo Ciríaco é un coreógrafo e artista contextual cuxo traballo transita entre as artes performativas e as artes da imaxe, a arquitectura, a antropoloxía e o paisaxismo. Formado en Ciencias Políticas e danza na Escola Angel Vianna no Instituto de Filosofía e Ciencias Sociais-UFRJ (Río de Xaneiro), constituíu con Frederico Paredes o dúo Ikswalsinats, pioneiro no uso do humor na danza contemporánea do Brasil. As obras de Ciríaco fan dialogar contexto e arquitectura, xeografía e vivenda, realidade e ficción, nunha pescuda continua desde hai 20 anos sobre os campos extensivos da arte de

facen danzas. Temas como presente e presenza, representación da paisaxe, percepción, espazo urbano ou inmersión cognitiva son constantemente abordados no seu traballo. Conta cunha extensa traxectoria internacional, que o levou a participar en importantes festivais e institucións de América, Asia, Europa e Oriente Medio, como o Tanz im August e Haus der Kulturen der Welt (Berlín), Alcantara, Museo Berardo, Culturgest (Lisboa), Crossing the Line, New York University (Nova York), Al Mammal Foundation (Xerusalén), Tokyo Wonder Site (Tokio), San Art Gallery (Saigón), Ferme de Buisson, París Quartier d'Été (París), SESC SP (São Paulo), Panorama (Río), Biental SESC de Danza (Campinas), NAVE (Santiago de Chile), Biental de Danza del Caribe (A Habana), Casa Encendida (Madrid), Metropolis (Copenhague), Museo Fundación Serralves (Porto), entre outros.

FICHA TÉCNICA


- Concepción, creación e performance: Gustavo Ciríaco e Andrea Sonnberger
- Apoio: Tanztendenz München e.V., Goethe Institut Rio de Janeiro
- Subvención: European Cultural Foundation, Kulturreferat der Landeshauptstadt München, Bayerischer Landesverband für zeitgenössischen Tanz aus Mitteln des Bayerischen Staatsministeriums für

Wissenschaft, Forschung und Kunst

- Coprodución: Festivals Alcantara e Panorama
- Agradecementos: Mark Deputter e Bojana Cvejic, Udo Quast, Isabel Ferreira, Nayse López e Eduardo Bonito.
- Fotografías: Andrea Sonnberger, Chris Van Der Burgh, BLUE, José Luís Neves e Torben Huss

Poco (o alguien dirá que nos equivocamos)

ROBERTO GARCÍA DE MESA



CANARIAS | 50 MIN | 9 €

Xov 4 de maio 19h

Cidade da Cultura |
Galería de servizos

Idioma: castelán

**ESTREA
ABSOLUTA**

Un poema escénico escrito e dirixido por Roberto García de Mesa e interpretado por Ylenia Quintero, Delia Hernández e Cynthia Pérez, acerca de catro dualidades que afectan profundamente ao ser humano hoxe en día: o corpo-non corpo; a soidade-non soidade; a opresión-non opresión e o tempo-non tempo.

Roberto García de Mesa

Licenciado en Dereito, en Filoloxía Hispánica e Doutor en Filoloxía Hispánica. Dramaturgo, director de escena, poeta, produtor, narrador, ensaísta, investigador, comisario, artista visual, músico, profesor-titor da UNED e avogado. Conta cunha extensa obra publicada, con máis de corenta libros de poesía, teatro, narrativa breve, ensaio, conversacións e edicións críticas. Combina a creación escénica coa teoría e a investigación. Algúns dos seus ensaios, artigos, poemas, relatos, textos pensados para a escena e debuxos apareceron en revistas, en máis de dez países. Textos seus foron traducidos a varios idiomas: inglés, grego, francés, esloveno e alemán. Unha vintena de pezas súas foron levadas a escena. Creou en 2015 a Compañía Roberto García de Mesa co fin de representar o seu repertorio escénico e construír unha

estrutura estable para escribir, dirixir e producir as súas propias obras. Nese ano, estreouse o texto *La edad del frío. Conversaciones con Antígona* e, en 2018, un compendio de cinco pezas breves titulado *Outside*. En 2020, Edicións Invasoras (Vigo-Zamora) publicou un volume con oito obras súas baixo o título *Variaciones de la razón y otros textos*.

FICHA TÉCNICA

- Dirección, texto, creación escénica, espazo sonoro, vestiario e espazo escénico: Roberto García de Mesa
- Intérpretes: Ylenia Quintero, Delia Hernández e Cynthia Pérez
- Iluminación: Carlos Ramos
- Audiovisuais: Digital 104 e RGM
- Deseño de pezas anatómicas: Julio Fernández Peláez
- Producción: Compañía Roberto García de Mesa

- Colabora: Festival Escenas do cambio – Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Afectos

KIRENIA DANZA



GALICIA | 55 MIN | 9 €

Xov 4 de maio
20.30h

Cidade da Cultura |
Museo Centro Gaiás,
Sala 1

ESTREA
ABSOLUTA

Afectos pecha a triloxía de danza sobre “os vulnerables” de Kirenia Danza. Un proxecto que no contexto previo, paralelo e posterior á pandemia da Covid-19 aborda, a través da danza, fenómenos de relevancia social para a Galicia contemporánea: a última diáspora galega (*E-migrantes*, 2021), os coidados e os colectivos vulnerables ou excluídos socialmente durante a crise sanitaria e económica derivada dela (*Primeiro a vida!*, 2021) e agora *Afectos*, que volve para reflexionar sobre o momento actual dos dereitos fundamentais, apoios e afectos que reclaman as persoas migrantes e desprazadas, sexa por motivos económicos, fenómenos meteorolóxicos, persecucións, conflitos ou outras causas.

Kirenia Danza

Kirenia Danza é unha compañía galega de danza, fundada en 2019 por Kirenia Martínez Acosta, coreógrafa, bailarina e actriz, quen co-dirixe paralelamente a Cía. Entremáns desde 2006. O traballo de creación coreográfica de Kirenia Danza busca unha liberdade nas imaxes e os xestos para que actúen como *cartas de presentación* dos sentimentos e emocións, a buscar que estas resoen no corpo e a corporalidade das intérpretes. O seu método creador resúmese na magnitude coreográfica do *impromptu* e a itinerancia (o improvisado, o emerxente), a determinar unha linguaxe coreográfica singular, onírica, poética, onde as intérpretes toman un papel definitivo sobre as accións, as palabras, o pensamento, a fluir ata chegar ao concepto do discurso exposto.

Actualmente combina as creacións propias con encargos coreográficos, colaboracións teatrais, literarias e proxectos formativos e de cooperación europea con outras entidades no nivel internacional, entre as que sobresaen: *E-migrantes*, primeira parte da triloxías *Vulnerables*; *Instante Gradual*, seleccionada na primeira convocatoria de Mobilidade Europea I-Portunus; *Vagaface*, *Brumalión* e o *Can de Pedra*, baseada nun conto inédito de Uxío Novoneyra e estreada no Teatro Aeroplio de Atenas; *La bailarina española*, proxecto de investigación coreográfica gañador do primeiro concurso do I Laboratorio coreográfico da SGAE e *Os coidados/Primeiro a vida*, segunda entrega da triloxía de *Vulnerables*, estreada o 23 de abril 2021.

FICHA TÉCNICA

- Autoría/Coreografía: Kirenia Martínez Acosta
- Dirección: Kirenia Martínez Acosta
- En escena: Estefanía Gómez, Leodán Rodríguez, Cristian “Bal” Castro e Kirenia Martínez
- Textos: Antón Reixa, Demián Ravilero, Uxío Novoneyra
- Asistencia en textos: Keina Espiñeira por cortesía de ESOMI (UDC)
- Vestuario: Jandro Villa
- Servizo técnico: Equipo Creativo RTA
- Deseño de luces: Diego Vilar
- Espazo sonoro: Bruno Baw e Sumrrá
- Deseño gráfico: Niko Alvarellós
- Fotografía: Kirenia Danza
- Producción: Uxío Novo por cortesía da Fundación Uxío Novoneyra e Serea Films
- Coprodución: Centro Coreográfico Galego, Agadic, Xunta de Galicia
- Distribución: Kirenia Danza e Serea Films
- Colaboración especial: Alejandra Aguirre

Encontro profesional

Escenas do cambio



Ven 5 de maio 12h

Cidade da Cultura

Un encontro interxeracional entre profesionais da escena, xestores culturais e artistas para conversar sobre o que xa foi, o que está a ser e o que se espera no futuro para as artes escénicas.

Están convidados a participar nesta conversa artistas, profesionais das artes escénicas, alumnado e profesorado vinculado á Escola Superior de Arte Dramática e ao Sistema Universitario Galego.

Nun ambiente de confianza e reciprocidade, debateranse cuestións como os cambios fundamentais teñen vivido nas últimas décadas as artes escénicas e os profesionais do sector, ou a influencia do contexto social na creación, revisión e programación das obras, entre outros.

Washington

MATÍAS DAPORTA



GALICIA | 90 MIN | 9 €

Ven 5 de maio
17.30h

Cidade da Cultura |
Sala Eisenman

Idioma: castelán

ESTREA
EN GALICIA

Benvindas ao casting para o papel de Grace, a protagonista da non-película *Washington* de Lars Von Trier. Despois de *Dogville* (2003) e *Manderlay* (2005), *Washington* tiña que pechar o tríptico de Von Trier sobre a debilidade humana, pero nunca pasou de ser un borrador. A película existe tan só como posibilidade, como potencia.

Máis aló do guión, a proposta enlaza neste sentido con aquilo que interesaba a Von Trier dos mecanismos da ficción: cuestionar un sistema que debuxa os límites do real e o normativo cun rotulador demasiado grosso. As súas películas propoñen preguntas sobre que pode ser “verdade”, tanto diante como detrás da cámara —e que non—.

Matías Daporta

Artista multidisciplinar, xestor cultural e comisario. O seu último traballo, *#spanishwashing*, é un proxecto de investigación realizado entre xuño de 2016 e febreiro de 2020 sobre as estratexias de homoxeneización cultural actuais, composto de pezas de diversos formatos que se foron dando a coñecer no museo A Neomudejar, AADK Murcia, Cumplicidades de Lisboa, ARC en Suíza, NAVE en Santiago de Chile e a galería UVE en Buenos Aires, e impartindo un taller de dez días en NIÑO, Uruguai.

Ademais, é o comisario do festival de artes vivas e internet *Gústasme Pixelad_* en LaCasaEncendida (Madrid) e co-dirixiu LaJUANGallery xunto a Juan Gómez Alemán ata principios do 2018. Creou a iniciativa Anonymous Museum for Unsigned Works, en Ámsterdam, onde se ofrece un espazo seguro

para aquelas artistas cuxas obras expoñen riscos sociais e políticos cara ás súas persoas. É tamén un dos fundadores do festival de danza Corpo(a)Terra en Ourense.

Outros traballos artísticos seus foron presentados en contextos de festivais, museos e encontros internacionais en Ámsterdam, Bruxelas, Londres, Bristol, São Paulo ou Lisboa. Recibiu apoios de AFK da Cidade de Ámsterdam, AGADIC en Galicia, axuda a produción da cidade de Madrid, INJUVE e bolsas PICE á mobilidade.

FICHA TÉCNICA

- Director: Matías Daporta
- Idea: Matías Daporta e Deniz Buga
- Acompañamento: Ignacio de Antonio Antón, Julián Pacomio e Deniz Buga
- Guión: Matías Daporta
- Edición e acompañamento de guión: Ignacio de Antonio Antón, Julián Pacomio e Deniz Buga
- Casting: Caasting.com
- Directora de casting: Alejandra Allaf
- Actriz de réplica: Daniela Jacques
- Actrices audicionando: Maria Roja, Sara Laya e Alicia Casas
- Pértiga: Julián Pacomio

- Deseño de escenografía: Matías Daporta e Julián Pacomio
- Vestiario: Matías Daporta
- Vídeo: Alba Sastre
- Producción: DESFOGA
- Asesoría xurídica: Ania González
- Investigación: Matías Daporta en colaboración con Zentropa
- Cesión de vestiario: Bottingaard

Agradecimentos: a todas as persoas que viñeron ler o guión nos seus diferentes estados e alimentáronnos cos seus comentarios; a Fábrica de Creación L'Estruch

Co apoio de: Teatre Lliure e Becas Carlota Sotdevila, LaPoderosa

One night at the golden bar

ALBERTO CORTÉS



ANDALUCÍA | 55 MIN | 9 €

Ven 5 de maio
19.30h

Cidade da Cultura |
Museo Centro Gaiás,
Sala 1

Idioma: castelán

ESTREA
EN GALICIA

One night at the golden bar é unha declaración de amor cursi e musicada desde unha mirada queer; a procura dun estado de vulnerabilidade que poña en evidencia o poder dos afectos e a beleza que se esconde na fragilidade. Desde o imaxinario da figura celestial do anxo atrávesase unha choiva de cuestións: que masculinidade nos goberna, que fragilidades e gretas non se están mencionando, que identidades están nun lugar vulnerable e monstruoso ao mesmo tempo, como cantar ao amor desfasado, ao amor infinito, politicamente incorrecto, insurrecto, sacrificado. Como imos protexer estes corpos e identidades cando griten publicamente como senten cando aman; poida que agora sexa o momento de contraatacar. Hai unha forza en todo o extremadamente fráxil, como dixo Rilke "todo anxo é terrible". Como dixo Ana Torroja en "la fuerza del destino": "unha noite no bar do Ouro decidín atacar". Este é o ataque do "Bar do Ouro", unha abordaxe.

Alberto Cortés

Creador malagueño, formado en Dirección de escena e Dramaturxia e Historia da arte. Funda en 2008 a compañía Bajotierra xunto á actriz Alessandra García, desde onde traballa a contaminación e a remestura entre as artes escénicas e as artes plásticas. Xerador de iniciativas como o festival de escena alternativa de Málaga O Quirófano, o ciclo Escena Bruta ou iniciativas de mediación e comunicación entre artistas e comunidades como Territorio Expansivo, proxectos que leva adiante xunto con outros compañeiros de profesión. En 2012 comeza un camiño de investigación individual baixo o seu propio nome e ese mesmo verán é seleccionado no Laboratorio internacional

de teatro da Bienal de Venecia, onde traballa coa compañía de danza teatro belga Peeping Tom (Gabriela Carrizo), formación que supón outra inflexión no seu traballo. É tamén Máster de profesorado pola Universidade de Málaga e desde o 2013 comeza a impartir talleres sobre Novas Dramaturxias e Creación contemporánea a nivel andaluz e máis tarde a nivel nacional e internacional, espazos onde comparte inquietudes e pensamento ao redor da creación. Desde o seu comezo neste proceso de investigación sobre a palabra, o movemento e as novas narracións realizou traballos de teatro e danza para espazos domésticos, salas, museos e espazos públicos, ademais de *site-specifics*, *performances*, flamenco e novo folclore. Na actualidade desenvolve a súa actividade desde Sevilla comparte as súas inquietudes persoais en talleres e acompaña os procesos creativos doutras creadoras e compañías.

FICHA TÉCNICA

- Concepto, dramaturxia, textos e interpretación: Alberto Cortés
- Música e espazo sonoro: César Barco Manrique
- Iluminación: Benito Jiménez
- Vestuario: Gloria Trenado
- Asistencia en movemento: María Cabeza de Vaca
- Asistencia no espazo escénico: Víctor Colmenero

- Fotografía e vídeo — Clementina Gades

- Gráfica: Pvlcrx

Coa colaboración de Teatro Calderón de Valladolid, Junta de Andalucía (Residencias Ágora), Conde Duque, Graners de Creació

Agradecementos: La Poderosa, Labo XL, Rebeca, Iver, Claudia, Mariquiña, Esther e Peru

Fráxil: Handle with care

MATARILE



GALICIA | 90 MIN | 9 €

Ven 5 de maio
21.30h

Salón Teatro,
Santiago de
Compostela

Idioma: galego e
castelán

ESTREA
ABSOLUTA

A fragilidade do paseo, do que pasa, do que foxe, da conversación peregrina que nos leva, buscando algo, dun lugar a outro; aceptando o desarraigamento e asumindo o desexo de mostrar un saber torcido, iluminado oblicuamente.

Nesta forma de pensar coas tripas que nos caracteriza, recoñecemos "o que non pode dicirse e só pode ser mostrado" sen necesidade de preguntarnos se é verdadeiro ou se ocorreu realmente.

Quen falou da utopía da fuxida, sabe que non ten onde. Converteuse en global, xa non é privilexio exclusivo europeo, a historia non se escribe xa en Europa.

A casa Europa. Entón, a que casa mudarse? Con que petos? Seguimos atrapados no tempo cronolóxico, o tempo da historia, proxectándonos continuamente cara a un futuro pero cargando con todo o peso do noso pasado —convertido en ruínas pero moi ben conservado e arquivado—.

Ante a fragilidade das ruínas, fantasío cunha Europa lavada ou arrasada pola choiva, na que fose varrido o eurocentrismo. Unha Europa porosa, capaz de ser observada, construída, habitada desde outras perspectivas, tamén cos seus propios ollos, os nosos ollos.

Quizais a auga de choiva nos faga máis flexibles. Quizais nos permita recuperar a inxenuidade necesaria para poñer outro prato na mesa.

Ana Vallés

Matarile Teatro

Os seus directores artísticos, Ana Vallés e Baltasar Patiño, fundan a compañía no ano 1986 en Santiago de Compostela, onde tamén son promotores de espazos de exhibición para a creación contemporánea, como o Teatro Galán (1993-2005), o Festival Internacional de Danza en espazos urbanos En Pé de Pedra (1995-2007) e a SaLa Montiel, desde 2017.

Os espectáculos de Matarile e Ana Vallés presentáronse en cidades como: Boston, Belgrado, París, Novi Sad, Porto, Leipzig, Boloña, Dresden, Edimburgo, Almada, Bayonne, Bucarest, Rennes, Dinan, Douarnenez, Lanester, Brasília, Távira, Varsovia, Viana do Castelo, Cluj-Napoca, Timisoara.




FICHA TÉCNICA

- Elenco: Pau Cólera, Antón Coucheiro, Claudia Faci, Celeste González, Alfredo Pérez
- Texto: Ana Vallés
- Iluminación: Miguel Muñoz
- Espazo: Miguel Muñoz, Ana Vallés, Rubén Vilanova
- Coreografía: Intérpretes e Ana Vallés
- Son: Matarile
- Edición de son: Xacobo Castro
- Fotografía e vídeo: Rubén Vilanova
- Deseño gráfico: Diego Blanco

- Vestiario: Matarile
- Asistentes de dirección: Daniel Baamonde e Nuria Sotelo
- Acompañamento: Enrique Gavilán, Javier Méndez Oro, Isabel Iglesias
- Producción e coordinación Matarile: Laura Sánchez
- Axudante de produción: Marcos Vieitez
- Distribución: Laura Sánchez
- Coprodución: Teatro Español, Centro Dramático Galego e Matarile
- Coa colaboración de Escenas do cambio e A Casa Vella

Poescénicas

YOLANDA CASTAÑO, SILVIA PENAS, XIANA ARIAS, NURIA VIL E NIEVES NEIRA



GALICIA | 75 MIN | 9 €

Sáb 6 de maio 12h

Cidade da Cultura,
Itinerante pola
**Biblioteca de Galicia
e o Xardín Literario**

**ESTREA
ABSOLUTA**

Terceiro percorrido en feminino dentro do festival *Escenas do cambio*. Tras a danza e a dramaturxia, chega a quenda da poesía. Silvia Penas, Yolanda Castaño, Nuria Vil, Nieves Neira e Xiana Arias elixiron diferentes espazos da Cidade da Cultura para crear un percorrido poético coas súas voces, na compañía por veces da música, por veces da imaxe.

A poesía como leite, como río que nos levará a lugares inexplorados, a escenarios improvisados. A poesía como encontro, como dispositivo escénico. A poesía como reflexo artístico, visible e vehemente. A poesía, que tanta falta nos fai.

Idioma da tinta. Yolanda Castaño e Isaac Garabatos

O compositor Isaac Garabatos pon música orixinal aos poemas de Yolanda Castaño nun diálogo interdisciplinar e envolvente. Un recital expandido que pon en escena un par de temas recollidos no libro-disco *Idioma da Tinta*: Hai para a poesía galega escrita hoxe por mulleres un teito ou é apenas un muro de cristal?

Cortar, refogar, afogar. Silvia Penas

Unha peza de poesía en acción, con intervención sonora de guitarra eléctrica e percusión en directo. Unha reflexión arredor do cabelo das mulleres como campo de batalla e como elemento simbólico onde se enguedellan mensaxes subversivas e de liberdade, pero tamén de exterminio e submisión.

Creación, dirección, texto e voz: Silvia Penas
| Guitarra eléctrica: Jesús Andrés Tejada |
Percusión: Chucho González

Placa. Clo Plas (Xiana Arias e Berio Molina)

O dúo formado por Xiana Arias e Berio Molina soa a rap minimalista e a retrousos de vocación popeira de baixa fidelidade. A mesma coa que bautizaron o seu primerio EP, *Bafi*, editado en 2022 en A Regueifa Plataforma 2.0.

Espazo a vulnerar. Nuria Vil

Unha peza híbrida na que imaxe analóxica, palabra e son dan a man para explorar as súas posibilidades. A partir da música experimental de MorlitaM, Nuria Vil e Iria Silvana crean unha paisaxe sensorial a través da que transitar a construción da propia identidade.

Tornasol. Nieves Neira

Nieves Neira (poesía) e Rafael Mallo (música) dialogan nesta peza cun poeta que, hai mil anos, lanzou o corazón dunha ave, do poema, até nós. Ibn Hisn é o nome que recolleemos, o camiño do arco que tensa a escrita, o paxaro que canta nesta proposta experimental de son, corpo e voz.

FICHA TÉCNICA

• **IDIOMA DA TINTA:**
Yolanda Castaño e Isaac Garabatos

• **CORTAR, REFOGAR, AFOGAR**

Creación, dirección, texto e voz: Silvia Penas

Guitarra eléctrica: Jesús Andrés Tejada

Percusión: Chucho González

• **PLACA:** Clo Plas - Xiana Arias e Berio Molina

• **ESPAZO A VULNERAR**

Imaxe analóxica en directo: Iria Silvana

Música: MorlitaM

Palabra falada: Nuria Vil

• **TORNASOL:** Nieves Neira (poesía) e Rafael Mallo (música)

Háblame, cuerpo

NAZARIO DÍAZ



MADRID | 50 MIN | DE BALDE

Sáb 6 de maio 17h

**Centro Galego
de Arte
Contemporánea,**
Santiago de
Compostela

Háblame, cuerpo é parte de *Looking for Pepe*, un estudo iniciado por Nazario Díaz en 2016 que parte da figura do artista cordobés Pepe Espaliú (1955-1993) para despregar unha serie de investigacións en torno ao corpo, á linguaxe e ao territorio. *Háblame, cuerpo* toma o seu título do texto que Juan Vicente Aliaga escribiu con motivo da exposición realizada no Pavillón Mudéjar de Sevilla en homenaxe a Espaliú en 1994, un ano despois do seu falecemento por mor do virus da SIDA. O estudo ao redor de Espaliú e como desenvolveu vínculos entre a súa obra e a súa circunstancia, marcada pola enfermidade, nun momento social e político en plena transformación, inspira un traballo ao redor da materia que muta ou desaparece, e da idea de desgaste e de suxeición dun corpo entendido como existencia física e social.

Nazario Díaz

Nazario Díaz (Linares, Xaén) desenvolve o seu traballo principalmente no terreo das artes performativas, poñendo o foco na tensión xerada entre corpo, mirada e escritura. Forma parte de Vértebro, xunto a Juan Diego Calzada e Ángela López, con quen comisaría en Córdoba o festival *Beautiful Movers*. O seu paso polo Máster en Práctica Escénica e Cultura Visual da Universidad de Castilla-La Mancha, ARTEA e o Museo Reina Sofía, permítelle un contexto crítico no que desenvolver o proxecto *Looking*

for Pepe, que reúne intereses previos ao redor de dous conceptos centrais: presenza e resistencia. Como intérprete traballou, entre outros, con Jorge Gallardo, Isaak Erdoiza ou Societat Doctor Alonso. Desde finais de 2018 reside en Bilbao, onde participa en dous contextos colectivos de aprendizaxe: PICA, un programa intensivo de acompañamento a unha comunidade temporal de artistas e investigadorxs que tivo lugar en Azala (Vitoria-Gasteiz), conducido por Idoia Zabaleta e Luciana Chieragati, e o programa *Invitación*, unha proposta de Colectivo Qualquer para investigar e intercambiar metodoloxías e ferramentas provenientes do ámbito das artes vivas. Actualmente desenvolve os traballos *Otro borrado a través de la insistencia*, en solitario, dentro do marco do Programa Avanzado de Creación en Artes Performativas, comisariado por João Fiadeiro para Forum Dança (Lisboa), e *Conversation pieces*, xunto ao coreógrafo vasco Isaak Erdoiza, unha investigación ao redor de cuestións sonoras relacionadas co ámbito coreográfico.

FICHA TÉCNICA

Idioma: castelán

Creación e interpreta-
ción: Nazario Díaz

Aquellas que no deben morir

LAS HUECAS



CATALUÑA | 90 MIN | 9 €

Sáb 6 de maio 19h

Salón Teatro,
Santiago de
Compostela

Idioma: castelán

**ESTREA
EN GALICIA**

Aquellas que no deben morir é un espectáculo que coloca na esfera pública un tema aínda tabú: a morte e a súa xestión privada. Para iso, Las Huecas traballan a partir dos imaxinarios (ás veces precarios) que as xeracións novas teñen sobre os procesos de traspaso.

Desde unha perspectiva política e poética, o espectáculo lanza luz sobre os abusos da industria funeraria e á capitalización do deceso. Trátase dunha posta en escena a medio camiño entre o teatro documental e a experimentación dos rituais, onde, ademais das performers, interveñen Núria Isern, traballadora do sector funerario e Júlia Sánchez, activista pola soberanía da morte. *Aquellas que no deben morir* é unha proposta emancipadora porque permite interromper os relatos convencionais sobre o morrer, unha experiencia teatral que se definiu desde a crítica como “algo que non podes nomear, pero que cando estás diante diso, sabes que non o viches antes”. Espectáculo gañador do premio Apuntador 2021 e premio Novaveu da Crítica.

Las Huecas

Nace no ano 2016 co obxectivo de levar a cabo creacións escénicas desde a práctica colectiva. Como agrupación transitan por todo tipo de identidades: investigadoras etnógrafas, banda de punk ou debuxantes

de cómic. Sitúanse nunha estética híbrida; herdeiras da tradición paródica e satírica catalá, influenciadas polas propostas do teatro documental, polas teatralidades visuais e do obxecto e, finalmente, polas experiencias liminares da *performance*. Traballan a partir dun carácter netamente investigador a noción de performatividade “da retirada”, a vulnerabilidade dos corpos, os xogos febles dos códigos teatrais, o xogo de máscaras das identidades individuais, a dramaturxia permanente e fragmentaria así como a abolición das estruturas xerárquicas na creación.

FICHA TÉCNICA

- Creación: Colectivo Las Huecas
- Performers: Esmeralda Colette, Andrea Pellejero, Núria Corominas, Júlia Barbany
- Composición de espazo sonoro: Adrià Girona
- Dirección técnica: Sofía A. Martori
- Deseño de luces: Ana Rovira
- Artefactos: Dani García

- Asist. procesos de dó: Júlia S. Cid, parte de Som Provisionais
 - Asist. funerario: Núria Isem
 - Producción: Esther Fernandes
 - Fotografía: Roc Pont, Helena Roig e Mila Erco-li
- Co-producción de Antic Teatre, La Infinita de l'Hospitalet e Festival TNT

Concerto final de festa

SONS-NÚS/CATRONUBES



GALICIA | 75 MIN | 9 €

Sáb 6 de maio
21.30h

Cidade da Cultura |
Museo Centro Gaiás,
Sala 1

ESTREA
ABSOLUTA

O dúo Sons-Nús, formado polo contrabaixista de jazz Baldo Martínez e a cantante Maite Dono, abre o seu espectro de busca cunha formación paralela de catro-cinco-pés: CatroNubes. Dous músicos, Ton Risco (percusión e vibráfono) e Xosé Miguélez (saxos e frauta), e o artista socio-plástico Anto Lloveras, abren esta nova liña do dúo que se estreará na Cidade da Cultura de Galicia, como colofón da novena edición de *Escenas do cambio*. Camiñarán a partir de antigos temas do dúo, nados ao redor da figura do poeta do Courel, Uxío Novoneyra, recreados para este novo proxecto, á vez que estrearán novas pezas que han de ser o gromo do seu novo traballo, xa bautizado como *Pan de Neve*: jazz, tradición, experimentación sonora/plástica e poesía serán as ferramentas de investigación para este cuarteto que debuta en Santiago Compostela.

SONS-NÚS

Nace no ano 2010 para crear un traballo minimalista arredor da poesía e a música. Tomando o nome dese primeiro traballo — Sons-Nús—, o dúo formado por Maite Dono e Baldo Martínez continúa investigando sempre desde a nudez creativa; partindo do jazz, o folclore e a libre improvisación.

Contrabaixo e voz en sinxela amálgama, pretenden percorrer un camiño desde a escoita

atenta á natureza viva e á palabra; aos ecos que deixan reverberando no ar os poetas; á música agachada entre as dobras da cotiandade e o silencio. Versatilidade, non-definición serían conceptos aplicables á súa proposta.

Sons-Nús convértese no que daría en chamarse un dúo de peregrinación artística aberto á recollida e á investigación; sen rumbo prefixado pero seguros de que a viaxe pasa pola observación atenta e o respecto ao pequeno.

Para dar comezo a este novo proxecto que se estrea en *Escenas do cambio*, parten do traballo que vén de atrás, é dicir, o acompañamento poético-espiritual do poeta Uxío Novoneyra, xunto coas voces ancestrais do canto tradicional de Galicia. Desde este porto, partirán cara a novos lugares sen esquecer en absoluto de onde veñen. A idea é ir facendo escala en cada lugar, dando tempo ao tempo, á asimilación pausada de todo o novo que se lles brinde na viaxe.

Este é o novo camiño que con entusiasmo emprende Sons-Nús.

FICHA TÉCNICA

- Voz: Maite Dono
- Contrabaixo: Baldo Martínez
- Saxo: Xosé Miguélez

- Vibráfono: Ton Risco
- Arte: Anto Lloveras

Os espazos

CIDADE DA CULTURA

Monte Gaiás, s/n - Santiago de Compostela



A Cidade da Cultura preséntase como un motor para impulsar proxectos innovadores no campo da cultura, o emprendemento e a tecnoloxía e un punto de conexión de Galicia co resto do mundo. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, esta cidade que parece xurdir da terra eríxese como unha icona arquitectónica da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este espazo acolle cinco centros destinados á cultura, ao emprendemento, á tecnoloxía e á investigación e colaboración interuniversitaria: o Museo Centro Gaiás, a Biblioteca e Arquivo de Galicia, o Centro de Emprendemento Creativo, o Centro de Innovación Cultural (CINC) e o Edificio Fontán, todos eles vinculados á Consellería de Cultura, Educación e Universidade do goberno galego, a Xunta de Galicia. Ademais, o complexo conta con grandes espazos verdes nos que gozar da natureza, descansar, practicar deporte e hábitos de vida saudable ou asistir a espectáculos ao aire libre.

En *Escenas do cambio 2023* diferentes espazos da Cidade da Cultura serán escenario dos espectáculos do festival:

Museo Centro Gaiás

Principal escenario de Escenas do cambio desde a súa primeira edición. A súa beleza e flexibilidade converten a este edificio da Cidade da Cultura de Galicia no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas.

Andar -1: Sala 1

Galería de servizos do Gaiás

Galería de túneles que percorre os sotos do complexo e conecta entre si os diferentes edificios da Cidade da Cultura. Empregado de maneira principal para facilitar o acceso de materiais a cada espazo e tamén como escenario de espectáculos escénicos e musicais.

Sala Eisenman

Sala polivalente situada no Centro de Emprendemento Creativo da Cidade da Cultura. Concibida como un espazo diáfano no que a luz e as vistas á praza central do Gaiás son protagonistas, a súa versatilidade permite acoller todo tipo de eventos, presentacións e espectáculos.

Biblioteca e Arquivo de Galicia

Cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos de Galicia, reúne, conserva e difunde o patrimonio bibliográfico e documental galego e facilita o acceso ao mesmo, xa sexa de forma presencial ou virtual. Peza clave para as actividades culturais relacionadas co libro, a lectura e as bibliotecas, a difusión da cultura galega é un dos grandes obxectivos desta institución. Ademais, funciona como depósito legal de todas as publicacións editadas en Galicia.

Xardín Literario

A Cidade da Cultura conta no corazón do complexo co Xardín Literario, un espazo verde dedicado aos escritores e poetas galegos. Este xardín, que ocupa algo máis dunha hectárea, desprega unha plantación de árbores de 14 especies diferentes que evocan na súa disposición as follas dun libro. Complétase cun pequeno sendeiro, o Camiño dos Libros, e cunha instalación artística xerada a través de placas con citas literarias de autores galegos, rodeado de camelias.

SALÓN TEATRO

Rúa Nova, 34 - Santiago de Compostela



Situado na zona histórica de Santiago de Compostela, o Salón Teatro foi inaugurado de novo en 1999 tras unha intervención arquitectónica que permitiu recuperar para a escena este espazo do ano 1920, despois de dúas décadas sen representacións. Xestionado na actualidade pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través de Agadic, o teatro acolle a exhibición en Compostela de todas as producións do Centro Dramático Galego — que ten aquí a súa sede —, ademais dunha programación aberta ás distintas disciplinas escénicas, á música e ao cinema. A súa capacidade é de 272 butacas.

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Rúa de Ramón del Valle-Inclán, 2 - Santiago de Compostela



O Centro Galego de Arte Contemporánea é un espazo de difusión cultural cuxa función é dinamizar o panorama artístico actual e reflexionar sobre a diversidade das conformacións culturais na sociedade contemporánea. Creado en 1993, o CGAC é un espazo expositivo, dinámico e multidisciplinar dedicado á difusión da arte internacional e galega das últimas décadas, incluíndo tanto autores consagrados coma emerxentes. Ademais, ten acollido ciclos de conferencias, obradoiros, incursións no campo da música, as artes escénicas, a arquitectura, a moda e o cinema, que permiten a participación activa do público e favorecen o intercambio de ideas entre profesionais de distintos ámbitos.

SANTIAGO DE COMPOSTELA



Capital da Comunidade Autónoma de Galicia, Santiago de Compostela é unha cidade declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO grazas á súa beleza monumental, extraordinaria conservación e por ser meta dunha milenaria ruta de peregrinación: o Camiño de Santiago, punto de encontro da fe e do pensamento do mundo occidental. Santiago de Compostela é unha aparición de pedra ancorada entre os verdes bosques do Noroeste español e as veciñas rías galegas. A arte do Románico, o Barroco e o Renacemento deron forma á imaxe monumental da urbe, onde conflúen mosteiros, igrexas, casas señoriais e prazas nas que o tempo escolleu quedar detido.



ESCENAS DO CAMBIO 2023
Festival de teatro, danza e arte en acción

4—6 maio 2023
Gaiás, Cidade da Cultura de Galicia
Santiago de Compostela

cidadedacultura.gal

DOSSIER DE PRENSA

